

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2012

QUENDAS	CONCELLOS
1ª Do 1 ó 7 xullo	A Capela, Aranga, Ares, As Pontes de G. R., Betanzos, Bergondo, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Coirós, Curtis, Fene, Ferrol, Irixoa, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugar dos, Narón, Neda, Ortigueira, Oza dos R., Paderne, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño, Vilarmador, Vilasantar
2ª Do 8 ó 14 xullo	A Pobra do C., Abegondo, Ames, Arzua, Boimorto, Boiro, Brión, Boqueixón, Cambre, Dodro, Frades, Lousame, Melide, Mesía, O Pino, Oroso, Ordes, Porto do Son, Padrón, Ribeira, Rianxo, Rois, Sada, Sobrado, Santiago de C., Santiso, Teo, Touro, Toques, Vedra
3ª Do 15 ó 21 xullo	A Baña, Arteixo, Cabana de Bergantiños, Carballo, Carnota, Carral, Cee, Cerceda, Dumbría, Coristanco, Corcubión, Culleredo, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de B., Mazaricos, Muros, Muxía, Negreira, Noia, Oleiros, Outes, Ponteceso, Santa Comba, Tordoia, Trazo, Val do Dubra, Vimianzo, Zas

ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DEPORTIVAS PREFERENTES:

- **Golf:** practícarase nun campo regulamentario e oficial de nove furados. **Tres xornadas.**
- **Vela:** saídas ó mar para realizar navegación en barcos de vela tipo cruceiro. **Dúas xornadas.**

ACTIVIDADES DEPORTIVAS COMPLEMENTARIAS:

- Tenis
- Volei praia
- Olimpíadas de paz, xogos cooperativos, xogos de praia...

VELADAS NOCTURNAS:

- Realizaranse actividades e xogos que teñan elementos que fomenten a comunicación, o intercambio de experiencias, a convivencia e o respecto polos demais.

ACTIVIDADES CULTURAIS:

- Visita a centros de interese cultural na comarca e na cidade da Coruña

DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGARÁ

DOCUMENTACIÓN: para formalizar a inscrición debes entregar no teu concello:

- 1.-Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titor/a do solicitante.
- 2.-Unha foto tipo carné.
- 3.-Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 4.-Fotocopia do libro de familia ou carné de identidade.
- 5.-Copia de pagamento da cota de inscrición. Posterior á confirmación da praza por parte do concello.
- 6.-No suposto de que o neno/a deba ter un tratamento específico ou doenza que haxa que ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente.



CENTRO CALVO SOTELO - 1/21 xullo

Para rapaces e rapazas de 9 a 13 anos

Diferentes deportes: **golf, vela de cruceiro, tenis, volei praia**

Visitas culturais por diferentes centros de interese da Coruña e arredores

Inscrición: **nos concellos respectivos**

Información: **Gabinete de Deportes da Deputación da Coruña**

Telf.: **981 080 300 / Ext. 4308 / www.dicoruna.es**

Prazo de inscrición nos concellos: **1 de xuño**

INFORMACIÓN XERAL

DEPORTES: golf, vela de cruceiro, tenis, volei praia

LUGAR: A Coruña

ALOXAMENTO: Colexio Calvo Sotelo

DURACIÓN: de domingo a sábado

QUENDAS:

1ª quenda do 1 ó 7 de xullo

2ª quenda do 8 ó 14 de xullo

3ª quenda do 15 ó 21 de xullo

INCORPORACIÓN: domingo pola tarde

REGRESO: o sábado seguinte despois do almorzo

DESTINATARIOS: rapaces/as entre 9 e 13 anos

COTA DE INSCRICIÓN: 85 €, que se ingresarán na conta que determina a Deputación da Coruña, facendo constar: "Campamento deportivo Deputación da Coruña". A Deputación da Coruña informará do número da conta, unha vez realizado o sorteo no concello correspondente.

INCLÚE: transporte interno, estadía e manutención en residencia e todo o gasto que ocasionen as actividades programadas.

A incorporación ó campamento deportivo realizarase o domingo despois de xantar e a saída dos participantes o sábado despois do almorzo.

HORARIO XERAL

(Estimación de horarios e actividades durante o desenvolvemento do campamento)

8.00 h	Erguerse
9.00 h	Almorzo
10.00 h	Práctica deportiva regular
14.00 h	Xantar
16.30 h	Obradoiros e actividades deportivas
18.00 h	Merenda
18.30 h	Xogos e deportes
21.00 h	Cea
22.00 h	Noitadas culturais
23.30 h	Descanso

EQUIPO RECOMENDADO

- Roupas interiores
- Roupas de rúa (pantalóns, camisas, camisetas...)
- Equipamento deportivo (chándales, suadoiros, pantalóns curtos, camisetas deportivas, calcetíns, zapatillas de deportes, chanquetas para a ducha, traxe de baño)
- Toalla de baño
- Útiles de aseo (xabón, peite, cepillo e pasta de dentes, colonia e/ou desodorizante)
- Cantimplora
- Gorras e gafas para o sol
- Crema protectora para o sol
- Chuvasqueiro
- Mochila

IMPORTANTE

O material propio das actividades deportivas (ferro de golf, raquetas de tenis, pelotas, balóns e chalecos salvavidas) entregaráselle a cada participante durante a celebración do campamento.

INSCRICIÓN

No teu concello, con data límite ata o 1 de xuño.

Nota:

Os concellos que, unha vez rematado o prazo de inscrición, teñan máis solicitudes ca o número de prazas que asignou a Deputación, realizarán un sorteo público diante do secretario.

FICHA DE INSCRICIÓN:

Concello de _____

Quenda 1ª 2ª 3ª

FOTO

Datos do solicitante

Apelidos _____

Nome _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____

Localidade _____ Concello _____ C. P. _____

¿Sabe nadar? _____ DNI _____

Centro de estudos _____

Localidade _____

Deportes que practica _____

Datos médicos

Vacinas subministradas _____

¿Alerxias? _____

Outras observacións de interese _____

No caso de urxencia avise a _____

DNI _____ Tel.: _____

Autorización para participar no Campamento Deportivo

D./Dª _____,

con DNI _____, como (pai, nai, titor/a) da persoa solicitante, autorizo a asistencia ó Campamento deportivo e declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar neste programa.

_____, de _____ de 2012

Asdo.: _____
(pai, nai, titor/a)

Para entregar nas oficinas municipais co resto da documentación antes do prazo de inscrición

Os datos subministrados nesta ficha están protexidos pola Lei 15/1999 de protección de datos e unicamente serán empregados pola Deputación Provincial da Coruña para atender a súa solicitude de participación no Programa "Campamentos Deportivos 2012". Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán executarse mediante correo postal, debidamente identificado mediante achega de copia do DNI á seguinte dirección: Deputación Provincial da Coruña, Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña